

Problema 0174: As seguintes medidas corresponden á mesma masa: 1,5 g ; 1,50 g ; 1,500 g. Cal é máis precisa? Por que?

Aparentemente parece que significan o mesmo pero non é así.

Cando dicimos que a medida é 1,5g estamos a dicir que o valor se aprecia con décimas de gramo, é dicir, a medida podémola expresar como $1,5 \pm 0,1 \text{ g}$

Cando dicimos que a medida é 1,50g estamos a dicir que o valor se aprecia con centésimas de gramo, é dicir, a medida podémola expresar como $1,50 \pm 0,01 \text{ g}$

Cando dicimos que a medida é 1,500g estamos a dicir que o valor se aprecia con milésimas de gramo, é dicir, a medida podémola expresar como $1,500 \pm 0,001 \text{ g}$

Por tanto a medida máis precisa é esta última pois se aprecia con milésimas de gramo.